

PATRIMONIO E SOCIEDADE

OS NÓSOS PERSONAXES: O CAMARADA ARAÚXO



Texto
Rosa Méndez Fonte
Especialista en Patrimonio
Doutora en Humanidades

D

este modo escoitei algunha vez chamar a monseñor Miguel Anxo Araúxo Iglesias, e o que nun principio ía cunha carga de profundidade despectiva, en realidade estaba a deliñar o trazo ideolóxico, fundamentalmente reaccionario, de quen de tal xeito se expresaba. Teño para min que ser de boa fe chamado "camarada" non é algo especialmente desagradable, alomenos para calquera afastado de determinados resabios.

Nestes días estase a falar do seu recordo, da súa memoria, materializadas nesa futura rúa que, no barrio de Caranza, levará o seu nome; ningún outro lugar da cidade mellor que este: espazo aberto á ría e de especial raigame obreira.

A modo de sinxela biografía, só recordar que monseñor Araúxo naceu no lugar de Sabadelle (Pereiro de Aguiar) en xaneiro de 1920. Estudou o bacharelato en Ourense e, posteriormente, licenciouse en Filosofía e Teoloxía na Universidade Pontificia de Comillas, onde despois foi ordenado sacerdote. É no ano 1970 cando o atopamos entre nós, exercendo o cargo de bispo na diocese Mondoñedo-Ferrol; por certo que foi a primeira ordenación na nosa lingua que se levou a cabo en Galicia. Pouco despois viviu moi de perto os sucesos do 72 e non tivo ningún reparo en condenar os "excesos" dos violentos, nun tempo en que "condenar" aínda era asumir un grande risco e, ás veces, até a propia condena.

Hoxe lóubase tamén, especialmente, a loita que monseñor realizou a prol da lingua galega; por deixar aquí tan só uns exemplos no ámbito relixioso, chegou a poñerse á fronte do equipo que realizou a tradución do misal romano, os rituais sacramentais ou un devocionario popular.

Mais á marxe disto, é de especial interese o seu perfil ético —ou cívico, ou moral; que cada quen escolla—, que quedou nidamente recollido nos escritos que nos dei-

xou. Nestes é sinxelo atopar un pensamento comprometido coa sociedade que o estaba a arrodear, e aí temos os seus artigos referidos ao paro obreiro e as súas consecuencias, á emigración, aos accidentes laborais, á problemática vivida polos campesiños ou á situación dramática do paro nos homes do mar, do mesmo modo que se introduciu no campo da estrutura económico-social galega, abrangendo eidos como a produción forestal e leiteira e o minifundio, expoñendo o papel da Igrexa ante a situación do agro.

Ferrol ocupará tamén un importante lugar nos seus escritos, podendo suliñarse o modo implicado en que viviu e deixou descritos os sucesos de marzo de 1972. Uns sucesos nos que se posicionará fundamentalmente implicado, ao ser lida, o día 12 de marzo, en case todas as igrexas do municipio e bisbarra, unha homilía redactada por tres sacerdotes ferroláns, pero aprobada verbalmente por el, polo bispo da diocese. Ante a prohibición de editar formalmente o texto, este circulou de xeito clandestino por toda Galicia e fóra dela en follas policopiadas e todos os que o desexaron tiveron acceso a manifestacións tales como: "En todo acontecemento da vida laboral, sexa cal fose a súa forma, o seu éxito ou o seu fracaso, ou as forzas que interveñen nel, encerra sempre o anxeo da clase traballadora para mellorar a súa propia condición de vida, de participar no progreso da humanidade en igualdade coas outras crases sociais. Anxeo e pulo que arrincan da vontade divina de levar ao home cara unha plenitude (...). A desproporción e desigualdade entre capital e traballo; mentres aquel só sofre nos conflitos as consecuencias nos beneficios, o obreiro en troques está suxeito ao risco do despido e á falla de traballo. Pensamos que despedir aos representantes dos obreiros mesmamente polo capital e en plenas deliberacións é alto tan inxusto e si mesmo que nin se pode admitir nin debe



Imaxe do bispo Araúxo Iglesias e portada dunha das obras que recollen os principais trazos do seu pensamento



“O 12 de marzo de 1972 aprobou a lectura, en case todas as igrexas da bisbarra, dunha homilía condenando eses sucesos”

repetirse endexamais. Diante da morte de irmáns nosos, só oímos a voz do Sinaí: "Non matarás". Oímos tamén a voz do mundo actual que percura medios pacíficos para eliminar a violencia e maila morte, até nos códigos da sociedade civil. Desexamos e pedimos con toda a forza da nosa palabra e da nosa vida que estas mortes sexan as últimas. Que se usen medios adecuados para restablecer a orde pública, como está en uso nas sociedades modernas, sen recorrer ao uso das armas contra moitodumes desarmadas."

A monseñor Araúxo chegoulle en vida o recoñecemento ao seu esforzo da man dun gran número de persoas que compartiron con el aqueles anos ferroláns-minidenses. En 1980 ingresou na Real Academia, substituíndo a Otero Pedrayo, do mesmo modo que recibiu importantes premios como a Medalla Castelao (1988) e o Premio Trasalba (1989), entre outros.

Hoxe, a cidade de Ferrol comeza un camiño que hai tempo debía ter andado: a visualización real (a interior nunca deixou de estar aquí) do que foi un veciño de honra. Parabéns sinceros aos que lograron facelo posible. A vostede, camarada, monseñor, todo o noso agradecemento por ter sido como foi.